

NOTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN *Cryphonectria parasitica* (CANCRO DO CASTIÑEIRO)

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulenta inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizaranse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

Durante a primavera e o outono realízanse Inoculacións de cepas hipovirulentas (hv) de maneira gratuíta. Para participar no programa de distribución de cepas hipovirulentas durante o ano 2.023 deberá cubrir a solicitude que se atopa na páxina web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal>, que se pode presentar:

Xefaturas territoriais. Servizos Provincias de Montes.

Oficinas dos Distritos Forestais. Oficinas Agrarias Comarcais.

Ou no corro electrónico: sanidadeforestal.cmr@xunta.gal

Durante a semana do 6 ao 03 de novembro realizaranse tratamentos nos seguintes concellos:

PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA
Lugo	Begonte	
	A Pastoriza	
Ourense	Rubiá	O Barrio de Cascallá
	Laza	Castro
	O Bolo	Cambela
	Rios	Florderrei